A NOSA QUENDA

www.noslhoquenda.org

ORGULLOSOS DO NOSO ORGULLOSOS DO GALEGO

Revista do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do ies LamadasQuendas de Chantada

Nº2

xuño 2010

Índice da Nosa Quenda

Editorial 2

O Entroido Ribeirao, por Iván González Rey 3

Os contos do meu amigo Pepe, por Iván González Rey 4

Axenda 21 escolar: concurso "**A aula+sostíbel"** 6

Alimentación e hábitos de vida saudables dende a escola 9

Actividades a prol da lingua 11

Fotos dalgunhas das actividades realizadas no centro 12

Correlingua 2010 14

Actividades realizadas durante o curso 2009-2010 16

Día das letras: Uxío Novoneyra 18

Novas da lingua 20

55 mentiras sobre a lingua galega, por Tania Vázquez García 22

EDITORIAL

A nova edición de A NOSA QUENDA aparece un curso máis con dous protagonistas indiscutibles: a lingua galega e o noso centro. Nas súas páxinas poderedes atopar algunhas das actividades que realizamos no instituto ao longo do curso 2009-2010; en todas puxemos ilusión e esforzo, en todas deixamos un anaquiño dos días de adolescencia do noso alumnado e tamén desas horas que se volven escasas cando os profesores intentamos transmitir algo máis que conceptos, nunha educación que pretende ser ante todo educación para ser "persoas" nunha sociedade que, día a día, perde os valores fundamentais do ser humano.

Algunhas das nosas páxinas poden resultar polémicas, non porque sexan nosas, pois o conflito, as diferentes opinións e, sobre todo, a cuestión política sobre a lingua están na rúa… Desde aquí defendemos o noso dereito a ser quen somos e como somos, o dereito a que se nos recoñeza como galegos, o privilexio de posuír unha lingua propia e afirmámonos no orgullo do noso pasado e na loita por un futuro certo onde Galicia se avergoñe dos que non saben ou non queren sentir ou pensar en galego. Grazas a todos por colaborar.

O ENTROIDO RIBEIRAO

Iván González Rey (2º ESO B)

O Entroido Ribeirao é unha das poucas representacións do antigo entroido rural que quedan na provincia de Lugo, sendo un dos festexos máis representativos da Ribeira Sacra e unha das xoias de maior valor do noso patrimonio inmaterial.

Os seus inicios non se coñecen con exactitude, mais varios estudos dátano en varios séculos atrás. Parece ser que naceu na parroquia de Santiago de Arriba, de onde anos máis tarde se espallou ás parroquias veciñas de Camporramiro, San Pedro, Nogueira ou Vilauxe. A día de hoxe só se celebra en dúas aldeas das mencionadas: Santiago de Arriba e Nogueira.
Os seus personaxes son: o *volante*, o *maragato* ou *peliqueiro* e o *meco*.

O **Volante** viste pantalón e camisa de cores amarela e vermella.Moita xente pensa que leva a bandeira española polas cores (de aí que algunha vez vírase co traxe da bandeira galega), máis non é así, debese a que foi a primeira tela a dúas cores que se comercializou na zona. Antigamente vestía calzón e camiseta branca. Nas pernas leva unhas vendas dende os nocellos ata case os xeonllos. Nos pés, zapato de vestir negro e nas mans guante branco, co que agarra un caxato que lle serve de apoio. Na cabeza leva unha pañoleta. Como complemento leva un cinto de 24 campaíñas amarrado na cintura, que fai soar cando salta. Sobre a cabeza leva un pucho de grandes dimensións, recuberto de flores de papel feitas a man e do que colgan moitas tiras de cores do mesmo material, e na cara unha careta chamada carauta, feita de papel de periódico, tea e unha masa de fariña e auga cocida ao calor.

O **Maragato** ou **Peliqueiro**, pola contra, viste roupa vella, con pelicas nas costas, pernas e cara. Na man porta un cinto que fai soar na pelica que leva nas costas, a modo de aviso, e que usa contra todo o que ouse meterse con calquera que teña que ver co Entroido.

O **Meco**, é o personaxe encargado de facer os oficios, representacións a modo de teatro mudo, a xeito de burla sobre profesións, situacións vividas por algún veciño ou que están de moda. Nos oficios algún espectador sempre remata metido en medio, enfariñado, ou cheo de cinsa.

Mentres se celebra este evento soa como música ás marchas do entroido, só tocadas para iso, posto que son propias deste carnaval. Celébrase durante catro días, aínda que ás campaíñas soan pola parroquia case todos os días hasta o remate do entroido. Os días son: Domingo lambedoiro, Domingo corredoiro, Domingo de Entroido e Martes de Entroido.

Se non o coñeces, vén por Chantada e, a sete quilómetros, atoparás a parroquia de Santiago de Arriba. Alí farémosche partícipe del, non te arrepentirás. O que vén, volve. Sé ti tamén un deles.

OS CONTOS DO MEU AMIGO PEPE

Iván González Rey (2º ESO B)

A toda persoa, cando é pequena, gústalle que alguén lle conte un conto. Eu, que aínda son algo neno, son unha delas. Mais teño que recoñecer que só unha persoa os conta como a min me gustan, e sobre todo do que eu prefiro. Esa persoa non é outra que "O Pepe da Proba".

Así, cada vez que o meu pai di que teño que ir con el, son feliz, xa que sei que despois de facer as cousas, imos ir facerlle unha visita o meu amigo.Baixamos polo "Moredo" e, ó pasar polo campo da festa e mirar para a casa escola, éntrame un formigueo polo corpo, só de pensar no que me vai contar.Chegamos á Proba e alí está el, sentado nun banco, apoiando as mans nun caxato, á espera de que alguén pase por alí, e poder contar un conto.

Sempre é o mesmo, chama pola muller, que traia dous vasos para tomar un viño os dous, e póñense a falar das súas cousas, máis eu non podo evitalo, e teño que facerlle a miña petición habitual: “Pepe, cóntame algo do entroido". E xa está, el comeza a falar, a verdade é que parece un libro.

Lémbrome o conto que me contou a semana pasada. Estaban os dous falando do tempo que facía, de cousas para min sen importancia, en un momento de silencio, non aguantei máis, e pedinlle: "Pepe, cóntame como era ó entroido cando ti eras novo". A súa resposta foi: "Xa sabía eu que eras un mocete que vive o carnaval, pero a min iso gústame que os novos preguntedes e queirades saber, entón escoita que velaí vai:

"Cando eu era neno así coma ti, máis ou menos, o carnaval vivíase de outra maneira que agora os da vosa xeración non podedes imaxinar, e digo carnaval xa que antano chamábaselle así, case ninguén dicía “entroido”, igual que hoxe. Vouche contar o carnaval que vivín tendo algún ano máis ca ti, tería, non quero mentir, uns 19 ou 20 anos.

"Por aquel ano, as carautas fixéronse unhas na casa da Nina e do Santiago e outras na casa do Pedro do Artilleiro. A verdade é que se facían en varios fogares, pero sempre ás escondidas das mulleres, xa que facía falta liño para facelas e nós non perdiamos a oportunidade de coller un pouco ás agachadas.

Como eramos moitos e quedabamos ata moi tarde, cada veciño traía algo para comer e beber, tanto chourizos coma touciño para facer o torrisco, ou viño. Mentres falabamos do carnaval, sobre os oficios que se ían facer ou mesmo contabamos un conto sen máis.

As flores do pucho foron un mundo aparte. Empezamos na tenda. Alí os mozos, e non tan mozos, rizamos o papel para facelas, pero claro está, era unha cantina, polo que podes imaxinarte en que pasabamos a maior parte do tempo. Grazas que non facía moito frío, e puidemos xuntarnos tamén algunha noite diante da casa do Diego, xa que alí o sitio prestábase moito.

Aínda que os contos non faltaban, como tampouco o viño e os chourizos, facíase moito traballo. O papel rizado durante tres ou catro días, puñámolo nunha caixa, para que non se estragase, e levábaselle a Nina e a María do Diego, xa que elas eran as encargadas de facer as flores, iso si, nós criamos levar moito traballo feito e só tiñan para media hora. Pasaba sempre o mesmo: moito papel se rizou!

Xuntabámonos todas as noites, ben para falar e argallar algo, ou simplemente polo feito de pasar uns momentos todos xuntos, porque ante todo era unha festa dende o principio ata o final.

Uns días antes de que dese comezo o carnaval, preparamos os correóns das campaíñas, colocábanse polo son, machos ou femias, unha tarefa que fixen eu, pois a colocación delas era cousa dos Patacos.

Durante os días previos a festa do carnaval, os correóns soaron todas as noites pola parroquia, xa que as campaíñas tiñan que coller sitio no cinto, para soar ben os días dos festexos. Era un cinto

feito de pel de *marrao*, que a día de hoxe conservo, mais está feito un papel de lear, de tan desfeito que quedou, se puidese falar, contaría moitas cousas.

O carnaval durou igual que dura agora: tres domingos e un martes, de nomes Corredoiro, Lambedoiro e Carnaval. Foron catro días nos que estivo todo cheo de xente: non había camiño nin carreiro, campo nin nabeira en todo o lugar Da Arriba, dende o que se puidera ver O Moredo, que non houbese xente. Chegaron de todas as partes: Mourelos, San Pedro, Escairón, Chantada, Diamonde, por vir, ata veu un camión de cargar madeira sen baldeiras, e no seu lugar, unhas cordas para se poder agarrar, pois veu todo cheo de xente dende Castro.

Empezamos coma sempre, dende a estrada, de alí subimos polo camiño ata O Pedroso, entón os volantes baixaron por un carreiro, para cruzar as hortas, iso si, acompañados polos maragatos. O resto da xente foi polo camiño de sempre ata O Moredo. Alí, nada máis chegar, o Camilo da Presa, o Arturo, e non me lembro agora de quen era o outro, que eran os que estaban vestidos de volantes, comezaron a danzar por todo o campo, mentres, o Emilio e o Benido, disfrazados de maragatos, se metían co público. Aquel ano, os oficios chamaron moito a atención, aínda que máis de un levou un bo susto. No primeiro, levamos unha muller preñada, claro está, púxose de parto entre moitos berros. A muller era o Antonio do Marolo, xa que coma el, non había ninguén para vestirse de señorita, o médico era o Viadilla e un servidor, o practicante. A ninguén se lle pasaba pola mente o que alí ía pasar, pois de barriga de preñada púxemos dúas bolsas, unha con sangue, que eu mesmo fora buscar a Chantada, a unha carnicería que había ó lado do concello, alí no Cantón, e na outra, metemos un gato vivo. Entón, chegado o momento do parto, abrimos pouco a pouco as dúas bolsas e xa podes imaxinar a imaxe: o gato manchado de sangue e miañando, correndo en medio da xente, onde se mesturaban os berros de susto con risas.

Tras rematar o primeiro oficio, deseguido soaron as campaíñas dos volantes, mentres, no curral do Quintana, xa estaba todo argallado para saír co segundo oficio. Este marchou por Moredo, cando os volantes e gaiteiros viñeron buscalo, xa que eran os encargados de levar os mecos dende a casa do Quintana ata o campo. Moito me divertín con ese! Nun carro de vacas, ían dúas parellas de bailaríns: o Manuel do Viutos e a Nina, e a outra eran o Santiago e a María. Como gaiteiro non podía ser outro que o Pedro do Artilleiro. Chegaron tocando e bailando unha peza moi alegre, pero cando baixaron do carro, todo cambiou, non daban pé con bola, tropezaban, caían e rifaban polo que tiveron que sacar a xente do público para bailar, iso si, mentres isto ocorría, poñían a todos perdidos de cinsa ou fariña.

Tamén fixemos outro cun burriño que tiñan na casa do Marcos, puxémoslle unha funda para que non estivera espido, nas mangas metémoslle as patas de adiante, e as pernas servíronnos para as de atrás. Na cabeza, un gorro, mentres que por diante foi unha careta que, a verdade sexa dita, non aguantou moito tempo. Neste oficio, participou o Larán levando unha máquina do sulfato agochada baixo o disfrace, máis foi recoñecido por todos, polo feito de que era zurdo.

Fixemos máis, pero algún paréceme un pouco forte para contarche. Os gaiteiros eran de Vilar do Mato,xa que as marchas do carnaval non son coñecidas por todos os músicos, xa que son propias desta festa, e tócanse so nesta zona. Pero bueno, creo que por esta vez xa chegou, outro día cóntoche máis, xa está chegando a hora de cear, non me estrañaría que a miña muller xa teña a cea preparada, e ti meu amigo terás que facer o mesmo, mañá tes colexio, e tes que madrugar, pero xa sabes que podes vir por xunto miña cando queiras, eu sempre estou disposto a contarche o que queiras, a ti ou a quen sexa".

E así foi. Nunca olvidarei ese relato tan abraiante, e xa estou desexando que chegue o xoves que o meu pai non traballa, e poder ir con el. Volver xunto ao meu amigo Pepe, que me relate outra vivencia do entroido, bueno, do carnaval como el di.

Ah!, se alguén quere escoitar os seus contos, non ten máis que ir a Santiago de Arriba, ao lugar da Proba, e alí, sentado nun banco, seguro que atopa o meu amigo sempre disposto a relatar o que sexa.

"A aula+sostíbel" como elemento dinamizador da nosa Axenda 21 Escolar

Introdución.

Este é o cuarto curso no que o noso centro participa no programa A21EG e traballamos diversos ámbitos: hábitos de vida máis saudables; interculturalidade, coñecemento e conservación do patrimonio natural e cultural, sostibilidade no centro e mellora na xestión ambiental.

Acadar un maior protagonismo do alumnado ten sido unha das nosas preocupacións e obxectivos prioritarios dende que comezou este curso. Neste contexto, a posta en marcha do concurso estanos servindo para diversos propósitos: maior presenza e visibilidade da A21E entre a comunidade educativa, a implicación do alumnado, o poder dispoñer dunha ferramenta interesante e motivadora para lanzar e integrar practicamente calquera proposta ligada á A21E. Estamos aprendendo e experimentando e pretendemos continuar en vindeiros cursos.

Obxectivos específicos desta experiencia:

- Manter as aulas nun bo estado de conservación e colaborar así co persoal de limpeza.
- Concienciar sobre o noso cometido en relación coas problemáticas ambientais.
- Promover iniciativas concretas de aforro de recursos e eficiencia enerxética.
- Acometer un uso máis racional do papel coa **R**edución, **R**eutilización e **R**eciclaxe.
- Facer que o alumnado se sinta partícipe e involucrado e posibilitar unha maior identificación cos espazos que utilizan, e máis concretamente coa súa aula.

Organización.

A cargo do Grupo Motor da A21E e coa colaboración da Vicedirección, a Comisión de Convivencia, titorías e persoal de limpeza. O Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística colaborou en varias actividades.

Desenvolvemento do proxecto.

Había unha serie de tarefas e normas que cada grupo, en conxunto, debía cumprir ata fin de curso. Periodicamente se fai un seguimento das aulas no que, en función dos parámetros cumpridos, acumulan unha certa cantidade de puntos. Os dous grupos mellor clasificados ao final foron premiados cunha excursión a un lugar de interese ambiental (Parque Nacional das Illas Atlánticas), os días 21 e 22 de xuño. Os cursos gañadores foron: 1º de Bac B e 3º ESO A.

Visitas periódicas ás aulas, avaliación previa e información a través do blogue da A21E <www.participarmos.blogaliza.org>, comentándose os aspectos positivos e negativos, dando orientacións… para o ano que vén esperamos contar coa participación de nais, pais, persoal non docente e alumnado para facer o seguimento!

Elaboración de murais para o Día da Paz (30 de xaneiro), promovendo o traballo colaborativo entre todos os alumnos e alumnas de cada grupo, incluíndo: lema ou titulo, imaxes, debuxos, fotografías, outras frases, textos, poemas, actividades, xogos, etc.

Mellora da xestión da recollida selectiva no centro. Aproveitamos o potencial deste proxecto para facer propostas contando coa participación do alumnado. O vindeiro curso colocaremos os novos colectores (ademais do **verde** xenérico para restos orgánicos e outros non reciclables, os de papel/cartón -**azul**- e envases -**amarelo**-) e os carteis explicativos para facer unha xestión eficaz e organizar o baleirado dos colectores entre todas e todos.

Concurso de deseño dun cartel para a celebración da **Semana da Terra e o Libro**, en colaboración coa Comisión de Biblioteca.

Participación na actividade "O alumnado é o protagonista": propúxose facer unha valoración en grupo de todo o proxecto ata ese momento (principios de maio) e elixir os compañeiros/as que representarían ao centro nos encontros do alumnado de Pontevedra (20 de maio).

Principais logros

- Esta actividade supuxo unha verdadeira revolución na dinámica do centro neste curso.
- Deu a coñecer en maior medida a A21E no centro e no entorno a través do alumnado e as familias.
- Involucrou a toda a comunidade educativa, dando un gran protagonismo ao alumnado.
- Conseguiu que o alumnado se identifique en maior medida co centro -e coa súa aula en particular- sentíndoo como propio e contribuíndo así a xestionalo de xeito responsable.
- Fomentar o sentimento de grupo entre o alumnado e a súa relación co profesorado titor.
- Detectar alumnado activo, interesado, para formar parte do Comité Ambiental.

Dificultades e retos para futuras experiencias

- O feito de trasladar as propostas a través dos titores e titoras pode facer que outro profesorado non se sinta vinculado ás actividades. Debemos analizalo e telo en conta para vindeiros cursos, co fin de que o profesorado se implique en maior medida.
- Os grupos de alumnos nos que non se xera unha actitude positiva, colaborativa, poden abandonar e non sentirse motivados para participar noutras propostas.
- En ocasións créanse dinámicas competitivas negativas entre grupos; hai que transformalas mediante propostas máis colaborativas e integrais.
- Relacionado con isto, detectamos que cada grupo, ao considerar como propia a súa aula, a coida e respecta, pero non actúa igual co resto das aulas ou espazos. Cómpre reformular e dar un paso adiante para que consideren propio todo o espazo do centro e, por extensión, o mundo que os rodea para que o coiden e respecten.

Alimentación e hábitos de vida saudables dende a escola

Este é o cuarto curso de implantación da Axenda 21 escolar no noso centro que naceu como un xeito de aumentar a participación e o traballo en equipo da meirande parte da comunidade educativa e que pouco a pouco se vai situando como elemento dinamizador no que van confluíndo moitas das actividades que se levan a cabo. Este ámbito de traballo acompáñanos dende o principio. Cada ano nacen novas propostas e reformulamos outras e xa ten unha presenza e visibilidade notable non só no IES senón tamén no entorno.

Obxectivos

- Reflexionar sobre a **orixe e produción** dos alimentos que consumimos.
- Previr **trastornos alimenticios**: anorexia, obesidade...
- Conseguirmos no alumnado uns **hábitos** de vida e alimentación saudables.
- **Difundir** esas prácticas, unha vez asentadas no alumnado, entre o seu entorno: familias, amizades, profesorado, etc.
- **Implicar** á maior parte do alumnado e desenvolver a Competencia Social e Cidadá e a Competencia en Autonomía e Iniciativa Persoal).

Ámbitos de actuación e resume de actividades

1. Educación para a saúde na aula

Obradoiro de publicidade saudable en colaboración co programa Concellos Saudables no que participa o concello de Chantada. Integración dentro do Proxecto Interdisciplinar de 1º da ESO: análise de etiquetas, grupos alimenticios, orixe dos alimentos, produción local, comercio xusto, agricultura biolóxica, etc.

2. Formación de nais e pais en nutrición e bos hábitos

Cuestionario enviado ás familias para elaborar un mapa da alimentación do alumnado, en especial no relativo aos almorzos. Deseño, nos Obradoiros de cociña, e elaboración de **menús saudables** pensados para que o propio alumnado os poida realizar cando saian do fogar familiar. Gravación de programas emitidos en Tele20, canal de televisión local.

3. Consumo de produtos no centro

Reparto de froita nos recreos como alternativa aos produtos de panadería industrial e larpeiradas en colaboración con Concellos Saudables. Xornadas de almorzos saudables na

cafetaría nas que, á primeira hora de clase e por quendas, o alumnado recibe información e fai tres tipos de almorzos distintos.

Conclusións

- Neste tempo conseguiuse implicar a un número significativo de persoas e institucións e a A21E fíxose, deste xeito, máis visible.
- Melloramos a información e o cambio de hábitos alimenticios.
- O programa de Concellos Saudables e o seu financiamento é irregular e iso impide a continuidade do proxecto.
- O máis satisfactorio é a implicación do alumnado e a boa acollida en todos os ámbitos de actuación a xulgar polas enquisas de valoración que realizamos.

A PROL DA LINGUA

28 de abril, exposición “Mulleres entre Sil e Miño” <www.mulleresentresileminho.blogspot.com>

20 de outubro, exposición “Ríos de Galicia”

9 de novembro, magosto.

O xornalista Xaquín López co alumnado de 2º BAC

O escritor e ilustrador Anxo Fariña con 1º de ESO

27 de novembro. Quilómetros de solidariedade para recadar fondos para a ONG *Save the Children*

8 de abril, visita a Compostela

20 de maio, “O alumnado é o protagonista”

12 de febreiro, concurso de comparsas de entroido

CorreLingua 2010

O Correlingua é unha carreira que se celebra a nivel nacional co fin de reivindicar o uso da nosa lingua entre a xente nova dun xeito máis lúdico.

O pasado 5 de maio tivo lugar a celebración, en Monforte de Lemos, do Correlingua 2010 Ribeira Sacra baixo o lema "Galego: A forza do noso Amor", homenaxeando así ao poeta Uxío Novoneyra, protagonista do día das letras galegas deste ano.

Un ano máis, e xa van tres, o alumnado de 4º da ESO do IES Lama das Quendas, grazas á colaboración da Concellaría de Deportes do Concello de Chantada, acudiu ao evento que congregou a máis de 1.200 alumnas e alumnos da comarca e incluso de localidades como Carballedo de Valdeorras e do Courel.

O noso alumnado baixou dende o conxunto monumental de San Vicente do Pino portando unha pancarta co lema: "*CON CARIÑO E CON AMOR, O GALEGO SEMPRE AO NOSO CARÓN*", até a praza da Compañía, sen parar de animar con cancións populares e de grupos de música galegos que, sen dúbida, favoreceron esta festa da lingua.

Ademais, o alumnado de 4º da ESO foi o elixido para ler o manifesto deste ano, escrito por rapaces do IES Porta da Auga de Ribadeo e que resultou gañador de entre todos os centros de Galiza. Os encargados de facer esta lectura foron Natalia Expósito, Jorge Areán, Ximena Sol e Xende Fernández de 4ºA e Lorena Vázquez e Lucía Argiz de 4ºB.

Unha vez rematada a lectura e presentación desta marcha pola lingua, vimos a representación dunha obra de teatro do grupo ***Chévere*** que explicaba a situación, cada vez máis acusada, de desprotección ao que está sometido o noso idioma. Continuou a festa coa a actuación do grupo de hip-hop galego ***Som do Galpom***, que demostrou como en galego temos posibilidade de facermos todo aquilo que nos propoñamos. Rematadas as actuacións, regresamos a Chantada continuando a festa no autobús e con ánimo de seguir defendendo a lingua propia do país.

Con cariño e con amor, o galego sempre ao noso carón!

ACTIVIDADES DO CURSO 2009-2010

Teatro: oficio e arte

O que pretendeu a compañía ***Pífano Teatro*** foi achegar a un público mozo dous conceptos ben diferenciados no eido teatral, que sen embargo non sempre son ben coñecidos, ou ben retratados na globalidade de Teatro.

Estes dous conceptos son: por unha banda o oficio que é a base de onde saen os seus axentes máis destacados, os actores, e outros axentes non menos importantes como o autor, director, iluminador, escenógrafo, músico, atrezzista, rexedor, técnico de son, de iluminación, e un longo etcétera que ofrece un prisma de traballo moi variado e pouco comentado. Por isto o interese de ***Pífano Teatro*** en dar a coñecer esta realidade semioculta, para que os mozos e mozas, poidan facerse unha composición de lugar e escoller, se queren, as alternativas laborais amosadas.

Obradoiro de Interculturalidade a cargo de *Bicis pola Paz*

Impartidos por colaboradoras da ONG de Chantada *Bicis pola Paz* e a participación de alumnado de todos os cursos de ESO e 1º de Bacharelato realizamos diversos obradoiros co fin de coñecer algo máis sobre outras culturas, reflexionar sobre os prexuízos que temos e debater sobre unha temática de gran actualidade.

Actuación de Cándido Pazó

O día 8 de maio, asistimos ao espectáculo de Cándido Pazó "*O falar non ten cancelas*", compartimos gastos e espectáculo cos compañeiros do instituto Val do Asma e así puideron gozar do monólogo todos os alumnos. Cándido Pazó crea historias encadeadas onde están presentes o humor e a fantasía que se mestura coa nosa realidade máis cotiá dunha maneira intelixente e hábil. A mímica e a riqueza expresiva do actor acompañan o discurso deste bo coñecedor do espectáculo teatral.

VI Semana da Poesía

Durante a última semana de abril, do 26 ao 30, celebramos no instituto a Semana da Poesía. Para a súa realización resulta imprescindible a colaboración de todo o centro, mais son os alumnos e alumnas de 1º de BAC os responsables de que todos poidamos marabillarnos dos seus traballos e os que achegan á nosa rutina cotiá un pouco de poesía. Como podedes ver nas fotografías, todos os traballos son interactivos, así que os visitantes non se limitan a contemplalos: xogan, len, interpretan, crean… En definitiva, na Semana da Poesía participa todo o mundo dunha maneira ou doutra.

Ademais, este curso estivo con nós o poeta e artista plástico Baldo Ramos, a quen lle gustou tanto o traballo que fixeron os rapaces sobre o seu libro *A árbore da cegueira*, que quixo conservalo como lembranza. Tamén nos teñen felicitado Yolanda Castaño, Eduardo Estévez, Verónica Martínez, Fran Alonso, Paula Carballeira…

Entroido

Ligado ao concurso da **"aula+sostíbel"** organizamos un concurso de comparsas no entroido en colaboración co Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística que tivo unha notable participación chea de humor e imaxinación. Tamén asistimos á unha exhibición do entroido ribeirao, coa participación e explicacións dun alumno e unha alumna de 2º da ESO, co fin de difundir e poñer en valor o patrimonio cultural da nosa comarca.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2010

UXÍO NOVONEYRA

GALICIA, será a miña xeneración quen te salve?
Irei un día do Courel a Compostela por terras libradas?
Non, a forza do noso amor non pode ser inútil!
(*Do Courel a Compostela*)



Naceu en 1930 en Parada de Moreda, parroquia de Seoane (Seoane do Courel), moi perto da coñecida e impresionante Devesa da Rogueira, nunha familia labrega. Estudou o Bacharelato en Lugo onde coñeceu a escritores e intelectuais como Manuel María, Luís Pimentel, Ánxel Fole, Celestino Fernández de la Vega e Ramón Piñeiro. Con dezanove anos trasládase a Madrid, asiste como ouvinte á Facultade de Filosofía e Letras, e comeza a escribir as súas primeiras poesías en castelán. Volve a Galicia mentres facía o servizo militar para atoparse con vellos coñecidos en Santiago como Manuel María ou Ramón Piñeiro. Tamén tratou a Otero Pedraio, Carlos Maside… e decide seguir escribindo, xa definitivamente, en galego. Viviu varios anos no Courel por motivos de saúde e en 1962 volta a Madrid entrando en contacto con mozos galegos nacionalistas que formaran o grupo *Brais Pinto*. En 1966 retorna a Galicia, ao Courel, e casa con Elba Rei ("leve azafrán entre laranxa e cera") coa que tivo tres fillos. En 1982 foi elixido presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega e ao ano seguinte pasou a residir en Santiago ata a súa morte en 1999.



Da súa obra podemos destacar *Os Eidos* (1955) con prólogo de Ramón Piñeiro; *Elexías do Courel e outros poemas* (1966); *Os Eidos* 2 (1974), *Poemas caligráficos* (1979), *Os Eidos. Libro do Courel* (1981), con poemas dos dous libros anteriores sobre Os Eidos, *Muller pra lonxe* (1986) e o coñecido *Do Courel a Compostela* (1988). Aínda que tamén escribiu algunha prosa, foi sobre todo un poeta que converteu as montañas do Courel nun mito nacional. Na súa obra sempre deixou claro un firme compromiso coa lingua galega, co nacionalismo político e co marxismo:

"Certamente a responsabilidade da Lingua é de todos, non só dos escritores en Lingua Galega nin dos nacionalistas defensivos ou críticos. A todo galego, sexa do partido que sexa, incumbe a responsabilidade da supervivencia da Lingua e a reivindicación da dinidade nacional de Galicia e o dereito da autodeterminación, recoñecido nominalmente para tódolos pobos".





As principais institucións culturais e educativas rexeitan o novo decreto

Nos últimos meses as máis importantes institucións culturais e educativas do país manifestaron a súa oposición ao chamado Decreto de Pluriligüísmo que vén de aprobar a Consellería de Educación. Aos partidos da oposición, á práctica totalidade dos sindicatos e ás tres universidades hai que sumarlle as críticas do Consello Escolar, o Consello da Cultura e a Real Academia Galega.

CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

O Consello Escolar de Galicia rexeitou pasado mes de abril o chamado Decreto de Plurilingüísmo proposto polo goberno galego ao aprobar unha emenda á totalidade do texto con 24 votos a favor e 16 en contra. Esta institución é o máximo órgano de representación social no ámbito educativo e está formada por representantes de numerosos sectores sociais: sindicatos, profesores de centros públicos e privados, persoal non docente, administración educativa, concellos, empresarios, pais e nais de alumnos…

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

O Consello da Cultura, presidido por Ramón Villares, aprobou o seu ditame sobre o decreto sen ningún voto en contra no que critica os principais cambios que introduce o novo decreto. Di que supón un “trastorno serio” e unha fonte de conflitos nos centros educativos ademais de contradicir principios básicos da Lei de Normalización Lingüística. Propón manter un mínimo do 50% de presenza do galego en Primaria e Secundaria tal como establecera o anterior decreto e defende o modelo de inmersión lingüística ao considerar que ofrece os mellores resultados na aprendizaxe dos idiomas. Tamén rexeita que os pais poidan elixir a lingua en que se imparten as distintas materias pois invade competencias e responsabilidades que corresponden á administración e aos centros de ensino.

REAL ACADEMIA GALEGA

O informe da RAG tamén critica o novo decreto por ser causa de malestar, sufrimento e desorde nos centros educativos. Esta institución considera que algúns dos seus artigos son de dubidosa legalidade e solicita unha actualización da Lei de Normalización Lingüística para que incorpore os compromisos adquiridos polo Estado Español na Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias e mesmo a doutrina do Tribunal Constitucional sobre a desigualdade histórica entre as distintas linguas do estado.

A Xunta gastará un millón de euros en publicitar o decreto do galego

A Secretaría Xeral de Medios da Xunta de Galicia confirmou no Parlamento autonómico que investirá cerca dun millón de euros nunha campaña publicitaria para divulgar “os novos valores do plurilingüísmo nas aulas”. O secretario xeral, Afonso Cabaleiro, xustificou este gasto na obriga do goberno de dar a coñecer aos pais as novas medidas. A oposición cualificouno de indecente e inmoral nun momento de crise en que se aplica unha política de austeridade en sectores tan importantes como as iniciativas industriais e de emprego. Esta cantidade súmase aos cerca de 300.000 xa gastados na enquisa aos pais a principios de curso que debería servir para marcar as liñas mestras do decreto e que finalmente non se terá en conta nas etapas de Primaria e Secundaria.

Segundo un estudo do ICE os alumnos galego-falantes teñen un mellor dominio das dúas linguas

O Instituto de Ciencias da Educación vén de publicar un estudo sobre a competencia do alumnado de 4º da ESO no dominio das linguas galega e castelá. A principal conclusión á que chegan é que o dominio do galego é moi inferior ao do castelán e non acada un nivel mínimo aceptable tanto na forma escrita como na oral. O descoñecemento da nosa lingua é máis grave nos castelán falantes mentres os que habitualmente falan en galego teñen un dominio máis equilibrado dos dous idiomas.

Institucións e autoridades continúan usando formas deturpadas da nosa toponimia

A pesar de que a lexislación actual só recoñece como formas oficiais as galegas, diversas institucións estatais, autonómicas e municipais (Ministerio de Fomento, Xunta de Galicia, Concello de Ferrol…) manteñen os nomes castelanizados nalgunha das súas actividades El Ferrol, La Porteliña, La Coruña…). Pero máis grave aínda parece unha intervención do Conselleiro de Cultura (?) da Xunta de Galicia que nunha rolda de prensa sobre o Camiño de Santiago falou de *Desván de Los Monjes* e *Toro* para referirse aos concellos coruñeses de Sobrado dos Monxes e Touro. E non conforme con isto, negou os feitos e acusou aos seus críticos de “andar no lixo dos portais de internet” ata que a publicación dun vídeo da súa intervención o obrigou a recoñecer a verdade botando a culpa a un tradutor automático.

O galego estúdase en corenta universidades de todo o mundo

Contradicindo moitos dos tópicos que circulan nos últimos tempos sobre o valor das linguas e moi concretamente da galega, non está de máis saber que o noso idioma propio se considera útil e de máximo interese en moitos e moi diversos lugares do mundo. Na actualidade hai 45 Centros de Estudos Galegos espallados por catro continentes e 40 universidades inclúeno nos seus plans de estudos.

Nestes centros estúdase a lingua e cultura galegas en materias que forma parte do *curriculum* oficial de numerosas titulacións académicas ao tempo que se promoven todo tipo de actividades para comprender a identidade galega.

Unha das actividades máis interesantes é a tradución de autores galegos á lingua de cada país. Por exemplo, en San Petesburgo (Rusia) estanse traducindo antoloxías de varios autores como Rosalía e Castelao. Na maioría destes países hai lectores de galego nas universidades que se poden considerar auténticos embaixadores da nosa cultura e tamén eles se benefician dun coñecemento directo da realidade dos países nos que traballan. As universidades que contan con lectorados de galego están nos seguintes países: Alemaña, Arxentina, Brasil, Chile, Croacia, Cuba, España (10), Estados Unidos, Finlandia, Francia, Hungría, Italia, Irlanda, México, Polonia , Portugal, Reino Unido, Rusia e Uruguai.

55 MENTIRAS SOBRE A LINGUA GALEGA

Dende o meu punto de vista, ***55 mentiras sobre a lingua galega***, é a obra que precisaba o pobo galego dende hai 5 séculos para facer fronte ás numerosas críticas das que é vítima e que non teñen fundamento. Como os que din que *"O castelán é tan lingua de Galicia como o galego porque é a lingua dos galegos que falan castelán"*.

Este libro recolle numerosas falacias que o seu autor, Xosé Henrique Costas desmente con argumentos, datos, remitíndonos a noticias de prensa e mesmo a obras. Polo que penso que este libro será visto por máis dunha persoa como arma coa que poder defenderse contra os ataques continuos que recibimos por falar galego ou por defender os dereitos que nos pertencen.

Dáme mágoa pensar en que moitas destas mentiras, que se transmiten de xeración en xeración, en contra do noso pobo e da nosa lingua; á que consideran morta, de pailáns e que non serve para moito porque só se fala en Galicia, son fundadas por persoas galegas que non se senten orgullosas da súa lingua, cultura e orixes.

Asombroume observar nas primeiras páxinas deste libro unha lista, na que se recollen leis que foron aprobadas dende 1717 até os nosos días. Algunhas destas son as seguintes:

1924. Regulamento para a elaboración e venda de especialidades farmacéuticas. Art. 30: "Las etiquetas, envolturas y prospectos serán redactados en español"

1939-1940. Declárase único idioma oficial o castelán en rótulos, letreiros, carteis, etc., expostos ao público, en nomenclatura de hospedaxes; en rexistro da propiedade industrial (…) "las palabras pertenecientes a distintos dialectos están en pugna con el sentimiento nacional y españolista".

1950. Prohíbeselles aos escolares, aos cregos e aos seminaristas o uso doutra lingua que non sexa o castelán.

1967. O ministro de Información e Turismo, Manuel Fraga Iribarne, ameaza con pechar o xornal coruñés La Voz de Galicia se lle outorgan un premio a un artigo escrito en galego. O director do xornal, Francisco Pillado Rivadulla, foi multado con 50.000 pesetas da época (hoxe, aproximadamente, 10.000 euros).

Nestas leis discrimínase o galego, a favor do castelán. Tamén me gustaría destacar, que mentres en 1938 apenas o 10% da poboación falaba castelán, só 50 anos despois é case a metade a que non o emprega habitualmente. Este é un dato alarmante, pero que lendo o libro comprendemos e asimilamos; xa que aos estudantes en 1950 prohíbeselles empregar a lingua galega, ao igual que aos curas, mestres… Do mesmo xeito, as películas só se podían rodar en castelán, os xornais non podían enxalzar o galego e este non se podía empregar na administración; considerándoo un dialecto do castelán, feito que amosa unha vez máis, indicios do sometemento dende Castela, do que aínda quedan pegadas e do que non nos recuperamos.

Debido a todo isto, hoxe en día, nas entrevistas de traballo, a xente fala en castelán, por medo a ser criticada, acusada de nacionalista ou ser vinculada a un determinado partido político só por empregar a nosa lingua. Isto moléstame moito porque o verán pasado visitei Vigo e coñecín rapaces da miña idade que pensan que son nacionalista porque falo na lingua que escoitei dende o berce ao meu redor.

É moi triste que os avogados lles aconsellen aos seus clientes que empreguen o castelán nos xulgados, que realicen os trámites nesta lingua porque se desenvolven moito antes que na nosa ou que varias persoas fosen expulsadas do traballo por empregar neste a súa propia lingua. Problemas como estes axudan a que actualmente moitos pais se dirixan aos seus fillos só en castelán, pensando que deste xeito non serán discriminados nin relacionados coa aldea, como estes o foron algún día por manter vivo o noso patrimonio lingüístico.

Neste libro tamén se fai referencia a unha pauta de educación que nos ensinaron dende nenos: se unha persoa se dirixe a ti en castelán, cambia de lingua. A pesar de que non me gusta ser maleducada, non adoito obedecer nisto a meus pais, xa que considero que se eu comprendo a un castelán falante, nado en Galicia, el ten o dereito e o deber de comprenderme. Sorprendentemente, aínda que o meu interlocutor me comprenda, non acostuma mudar de idioma. Débese isto a que recibimos unha educación diferente?

Adóitase dicir tamén que os rapaces vascos, cataláns e galegos descoñecen o castelán porque a maioría das materias se imparten na lingua da propia Comunidade. Isto é unha gran mentira e para demostralo, numerosos estudos conclúen que posuímos mellores competencias

lingüísticas en castelán e inglés, grazas a coñecer máis idiomas. Discutín con moitas persoas, partidarias de que se impartan a totalidade das materias en castelán, xa que consideran a este un mellor idioma, con máis prestixio e máis saídas laborais. Porén esta xente esquece que grazas a coñecer o galego podemos acceder a postos de traballo en Portugal. Non debemos preocuparnos pola non aprendizaxe do castelán por parte dos rapaces, xa que todos temos accesos a bibliotecas, librarías, cines, prensa… que xeralmente adquirimos en castelán porque a oferta na nosa lingua é inferior ou nula.

Para rematar, gustaríame deixar un pequeno poema de Lamas Carbajal para amosar que a situación lingüística da nosa Comunidade era semellante hai uns anos:

Teñen os pobos a gala
no seu lenguaxe falar;
fálase chino na China,
portugués en Portugal,
catalán en Cataluña
e na Alemania, alemán;
sóio ós galegos de agora
hasta vergonza lles dá
falar a melosa e doce
fala que falan seus pais.

Tania Vázquez García 1º BAC



SEMANA DA POESIA
Ela que levaba o outono nos ollos
e un río de misterios suaves
por baixo da pel
XINECEO
Yuvaikeiov
MALOSERÁ
MARÍA REIGÓNDEZ
MARK GALEGA
DEIXA A TUA PEGADA
BAR
ASDECOPAS
CEMFONCE
ÁMAME
NUI BICO SABE
RAS TODO O
QUE CALE
AS LARANXAS DE
ALÍBABÁ
...SOÑO DE MEMORIXO E CHUMBO...
Anuncios por palabras
Soy profesor nativo de gallego. Me gustan las chovalas, la playa, el mar...
Ya te lo había dito
ya te lo había dito
SOA, BALEIRA, SEN TI
¡¡Esto tamén é poesía!!
Se lle preguntades a Susana
Diríavos que todo o que
Nos rodea é
POESÍA!!!! Ja, Ja
D.A.D
1ºB BAC
A MIÑHA LINGUA QUERO NA TUA BOCA